



ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2017/21	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de xaneiro de 2018
Duración	Desde as 20:35 ata as 22:15 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Secretaria acctal.	MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
35255897W	LUIS MANUEL LOZANO LORENZO	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ

Concello da Estrada



76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 14-12-2017

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 14 de decembro de 2017, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 5212/2017. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO "ESPACIO CONCILIA A ESTRADA"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar, Cora**, quen comenza dicindo que este expediente se deriva da posta en marcha do servizo "Espazo Concilia Estrada", o cal ten por obxecto buscar un proxecto ou actividade que concilie a vida laboral e familiar daquelas familias que por seus horarios de traballos necesitan de axuda para coidar dos seus fillos dunha maneira axeitada. Por mor do anterior é necesario a aprobación previa do correspondente Regulamento do acceso dos usuarios así como o réxime interno.

Aclara que, tralo Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social á que se someteu este expediente, introducíronse unha serie de modificacións ao borrador inicial do Regulamento, propostas pola voceira do grupo socialista, someténdose, polo tanto, a esta sesión plenaria a aprobación do Regulamento e as modificacións ditaminadas e que afectan aos seus artigos 1, 5,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



6 e 8.

Para finalizar agradece a colaboración dos grupos políticos municipais da oposición pola súa colaboración na redacción do Regulamento así como do apoio para a posta en marcha deste servizo, esperando poñelo en marcha o máis pronto posible.

Solicita a palabra a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, para dicir, en primeiro lugar, que conste en acta a petición efectuada noutras sesións plenarias, relativa á participación a distancia nas sesións de órganos colexiados; para elo pide que se transcriba literalmente o escrito presentado por correo electrónico á Secretaría Accidental e que é o seguinte:

“Cuestión de orden:

O grupo socialista pide que conste en acta que se está a incumprir a Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de 2007. A convocatoria das sesións plenarias do Concello non admiten participación a distancia (así se recolle en ditas convocatorias), motivo polo que se está a vulnerar o dereito das concelleiras da corporación a desfrutar, de ser o caso, da baixa por maternidade. Coñecedores da lexislación aplicable, pedimos se recolla en acta o seguinte:

A Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes establece o principio de igualdade efectiva. O órgano lexislador estableceu en dita lei un mandato ao goberno sobre "Medidas para posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo" e determinou que a partir da entrada en vigor da mentada lei de igualdade o Goberno debería promover o acordo necesario para inciar o proceso de modificación da lexislación vixente co fin de posibilitar os permisos de maternidade e paternidade das persoas que ostentan un cargo electo.

En virtude da mencionada Lei Orgánica de igualdade o Congreso dos Deputados, Senado e Parlamentos autonómicos, posibilitaron diferentes medidas que fan posible compatibilizar os permisos de maternidade ou paternidade, embarazo e baixa por enfermidade grave.

Sen embargo, a pesar do tempo transcorrido respecto ás Entidade Locais o Goberno non ten cumprido o mandato, a Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local non foi modificada para posibilitar a compatibilidade entre o exercizo das funcións públicas representativa dos concelleiros/as e o dereito que teñen de ser nais e pais e desfrutar do período de baixa, para os supostos legalmente establecidos de maternidade, paternidade, embarazo e enfermidade grave.

En consecuencia co exposto , resulta necesaria a modificación da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local posibilitando o voto telemático dos concelleiros/as nas sesións do Pleno dos Concellos nos supostos de baixa por maternidade, paternidade, embarazo ou por enfermidade grave.”

Centrándose xa no debate do asunto incluído neste punto da Orde do Día, a Sra. Belén Louzao, lamenta que non se recolleran todas ás súas propostas de modificacións ao Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo Socioeducativo municipal “ESPAZO CONCILIA ESTRADA”, xa que, aínda que se modifica algúns detalles na súa



redacción propostos polo seu grupo político, non se inclúe a igualdade de oportunidades na integración social, xa que máis alá da conciliación, débese favorecer a integración social de menores, o que afectaría á redacción do artigo que establece os criterios de prioridades, de xeito que no seu punto terceiro se engadira que, en caso da existencia dun informe dos técnicos de Servizos Sociais recomendando a participación neste servizo para favorecer a igualdade e integración social, se tivera en conta e se lle dera prioridade; lamenta que non se tivera en conta esta suxestión, xa que entende moi importante.

Continúa trasladando o apoio do seu grupo político na creación e posta en funcionamento da Ludoteca, lamentando que non se lle dea importancia ao detallado no parágrafo anterior, sen embargo, van a votar a favor da aprobación do Regulamento, a pesares de considerar que é mellorable.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, alegrándose de que, despois de moitas promesas e dilatación no tempo, chegara a hora de poñer en marcha o Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo Socioeducativo municipal "ESPAZO CONCILIA ESTRADA", esperando que entre en funcionamento o servizo para o vindeiro mes de febreiro, garantindo a transparencia na contratación da xestión do servizo e na selección dos usuarios que se vaian a beneficiar do mesmo. No que respecta ao prazo de presentación de solicitudes, o considera dubidoso, ao abeiro do informe que consta no expediente, o cal recolle que será na primeira quincena do mes de xaneiro, cando a actividade se prevé para o mes de febreiro; polo anterior considera oportuno que previamente se informe ás ANPAS e aos Colexios da apertura de prescrición, co gallo de garantir que chega a información necesaria aos posibles usuarios/as deste servizo.

Continúa dicindo que non entende o por que se escolle o procedemento negociado sen publicidade para a contratación e posterior adxudicación deste servizo, por considerar que vai en contra dos principios de transparencia e libre concorrência, ademais de non estar xustificado, ao abeiro da Lei de Contratos do Sector Público.

A parte do anterior, a Sra. Blanco traslada a necesidade de crear novos espazos para conciliar o traballo e a vida familiar con respecto ás persoas maiores a través da creación dun centro de día.

Pide a palabra o voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, para dicir que coincide co manifestado polos outros grupos políticos da oposición no que respecta coa necesidade de contar con este servizo e así os pais e nais teñan un lugar onde deixar aos seus fillos fóra do horario escolar, e así poder desempeñar sen preocupacións o seus traballos. Non obstante éntralle a dúbida de que cal sería a base legislativa sobre a cal se podería amparar este servizo, xa que considera que non sería aplicable o Decreto 354/2003 (regulador das ludotecas) por mor de que a término "ludoteca" non figura en ningún documento do expediente, quizais porque non se adecúa o cen por cen; polo anterior di que lle gustaría saber se existe algún Decreto Legislativo que lle dea amparo a este servizo. Tamén manifesta que lle gustaría contar un espazo ao que se puidera chamar LUDOTECA, por considerar que non é o máis adecuado o Novo Mercado, por considerar que se trata dun edificio que está para todo e non serve para nada, e así dar cabida ás propostas que achegaba a voceira do grupo municipal socialista. Polo



anterior, empra a ao grupo de goberno (Partido Popular) para que traballo nun espazo ao que se poida chamar LUDOTECA, unha vez xa dado o primeiro paso mediante a aprobación deste Regulamento.

A Concelleira de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar**, dando resposta ás anteriores intervencións, di, con respecto ao carácter social do servizo, que a principal función do mesmo é a conciliación familiar e laboral e non a actividade en si, polo tanto vai destinado a aquelas familias onde traballan o pai e a nai, así que para aqueles problemas de integración social habería que buscar outros medios e actuacións, xa que non se pode encadrar neste servizo.

No que se refire á contratación do servizo, esta se fará seguindo o disposto na lei, como se está a facer e como se seguirá facendo, desminte que vaia a ser unha contratación mediante o procedemento negociado sen publicidade, xa que se vai a colgar no Perfil do Contratante, podendo calquera persoa ou empresa ver os pregos e presentar a súa oferta.

Con respecto á lexislación aplicable e sobre o nome de LUDOTECA, esa denominación non se utiliza porque a través deste servizo de conciliación pódese optar á subvención da Secretaría Xeral de Igualdade con destino a actividades non denominadas “ludoteca”, senón “actividades de conciliación”. Por outra banda, este servizo ten encaixe na Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a cal recolle medidas que se poden tomar dende os Concellos para mellorar a situación das familias en tema de conciliación.

Intervén novamente a **Sra. Mar Blanco** para aclarar que sobre a contratación do servizo baixo a modalidade de negociado sen publicidade, díxoo porque así o leu na prensa.

Responde a **Sra. Amalia Goldar** que, aínda que sexa baixo esa modalidade, darase publicación no Perfil do Contratante.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para lembrar que este servizo foi demandado dende fai 30 anos, sen embargo tivo que vir este grupo de goberno para resolvelo, ao igual que outros moitos, a pesares do mal momento.

Respondendo ao Sr. Magariños, di que non sabe se o Novo Mercado é o lugar máis acertado para este servizo, pero o espazo destinado á Ludoteca non está sito no propio edificio do Novo Mercado, senón que se trata dun módulo totalmente independente con entrada exclusiva pola rúa Padrón e que foi así contemplado xa no proxecto orixinal.

Así mesmo, considera que é igual a denominación deste servizo (ludoteca ou espazo de conciliación), xa que a finalidade é a mesma, sendo a única diferenza que coa denominación de “ludoteca” non se tiña encaixe en ningunha da liñas de política social e co nome de “espazo de conciliación” si a temos e, por conseguinte, pódese rebaixar o custo do servizo para as familias.

No relativo ao procedemento a seguir para a contratación do servizo, di que estamos a aprobar o Regulamento e xa estabamos dubidando sobre o que vai a pasar despois, cualificando este proceder como de “estilo Móvete”, ratificando o dito pola Consellería de Benestar Social na súa aclaración sobre este tema, xa que ao publicarse no Perfil do Contratante calquera persoa ou empresa pode presentar a súa oferta sen ningún tipo de restrición, o que aclara tamén a súa transparencia. Por outra banda, di que é mentira que non se cumpra a Lei de Contratos do sector



público, xa que esta non entra en vigor ata o vindeiro mes de marzo e estamos no mes de xaneiro.

Finalmente, di que se trata dun servizo demandado e moi necesario no noso concello, e se está a facer todo o posible para poñelo en marcha no primeiro trimestre deste ano 2018 e, aínda que se contemplan 45 prazas, espera que se poida ir ampliando.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta de Dona Amalia Goldar Cora, Concelleira delegada de Benestar Social, en relación ca posta en marcha do servizo socioeducativo "ESPAZO CONCILIA ESTRADA" tramitado no expediente 4881/2017, onde é necesario proceder a realizar un REGULAMENTO que estableza as normas de funcionamento interno de dito servizo así como os dereitos e obrigas dos usuarios e da xestión do mesmo.

Visto que este servizo nace ca finalidade de dar atención as familias do Concello de A Estrada para conciliar vida laboral e familiar en relación o cuidado e atención dos/das nenos/as en idade escolar correspondente o ciclo de primaria (idades entre os 3 e os 12 anos) fóra do horario lectivo, cando as nais e pais teñen que estar traballando, de tal xeito que este servizo non só beneficia as familias que traballan, senón que é unha oportunidade para que os pais/nais teñan a súa disposición un servizo que lle permita acceder ao mercado laboral sabendo que existe un servizo público que pode axudar a cubrir a necesidade do cuidado e educación dos seus fillos/as.

Visto que no noso Concello non existe un servizo de carácter público que cubra esta necesidade, garantindo, sobre todas ás familias con rendas máis baixas, o poder beneficiarse deste servizo con un custe asumible e que teña encaixe nas súa economía familiar.

Visto que, ante o anterior, os obxectivos que se perseguen ca posta en marcha do mesmo son.

- Proporcionar as familias un recurso que facilite a conciliación entre a vida laboral e familiar.
- Ofrecer aos/ás nenos/as de 3 a 12 anos escolarizados en algún centro público ou sostidos con fondos públicos unha alternativa de ocio educativo durante os espazos de tempo libre previo e posterior á actividade escolar.
- Complementar o proceso educativo dos e das participante cunha intervención social, lúdica e pedagóxica que fomente o desenvolvemento integral e respectando as diferenzas individuais.
- Estimular o desenvolvemento de estratexias e a motivación para gozar do tempo de ocio de forma socializadora, construtiva e san.
- Favorecer a integración positiva e igualitaria dos/das nenos/as fomentando as relacións de amizade e a cohesión do grupo.
- Promover o coñecemento do medio onde se vive así como de actitudes de respecto e valoración do mesmo.
- Desenvolver actividades creativas a través da utilización de diferentes formas de expresión, impulsando a autonomía e a creatividade



Visto o borrador do Regulamento Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo Socioeducativo municipal "ESPAZO CONCILIA ESTRADA", redactado pola educadora familiar de data 22/12/2017.

Visto o informe emitido pola Secretaría con data 22/12/2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social en sesión de data 28/12/2017

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar o Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo Socioeducativo municipal "ESPAZO CONCILIA ESTRADA" unha vez feitas as seguintes modificacións na súa redacción:

- Artigo 1.- Obxecto.- Engadir "Reforzar a igualdade de oportunidades e integración social".
- Artigo 5.- engadir: "Empadroados no concello da Estrada"
- Artigo 6.- O procedemento de prescrición e ingreso informarase anualmente pola Educadora Familiar ou un técnico do departamento de Servizos Sociais designado ao efecto.
- Artigo 8.- Criterios de prioridade para a adxudicación das prazas. - No punto 2, engadir: "*Dándolle prioridade as rendas mais baixas*". - Así mesmo engadir un apartado máis coa seguinte redacción: "*con carácter xeral darase preferencia ás solicitudes relativas a prazas que soliciten o servizo todo o mes*".

Segundo.- Que polo Departamento responsable se proceda a publicar o anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica e na páxina web municipal, así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, aos efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días, a contar a partires do seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Terceiro.- Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro do prazo, o acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado, procedéndose a publicar no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra o texto íntegro do Regulamento.

Expediente 4881/2017. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN RESIDENCIAS, ALBERGUES, GARDERÍAS INFANTIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE NATUREZA ANÁLOGA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11

En contra: 1,

Abstencións: 8

Ausentes: 0

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen aclara que, unha vez aprobado o acordo do establecemento do servizo “Espazo Concilia Estrada” e a aprobación do seu Regulamento, é necesario establecer o prezo público, ao que estarán suxeitos os usuarios polo dito servizo. Di que, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei Reguladora das Facendas Locais e ao interese social das finalidades perseguidas, permite establecer unhas tarifas que contribúan ao mantemento do servizo xunto cos gastos que asume o Concello para poder abaratar a aportación dos usuarios (tales como a adquisición do equipamento, gastos de mantemento, subministro de auga e electricidade, entre outros). Tendo en conta o anterior, establécense unhas cotas que se recollen na Ordenanza reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, as cales se fixan atendendo ao estudo previo feito pola Educadora Familiar, tomando como referencia os tramos da renda e porcentaxes dados pola Escola Infantil municipal, establecendo unha analogía co Espazo Concilia Estrada, resultando uns valores en relación ao IPREM, onde as rendas inferiores ao 30% estarán exentas do pagamento de cota e, a partir de aí, estableceranse cotas que van dende os 14,42 € (polo uso completo do mes) ata un máximo de 100,00 € (para familias cuns ingresos superiores ao 200% do IPREM, facilitando, deste xeito, o acceso a todas as familias. Aclara que tamén se establecen uns descontos calculados en base ás circunstancias familiares, así existe un desconto dun 20% en caso de familias numerosas, unidade familiar monoparental ou cando asistan ao centro varios irmáns.

Continúa dicindo que, despois dos custes iniciais asumidos polo Concello, o uso do artigo 44 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Estrada asumirá como mínimo un 70% co custo real do servizo, estando no límite máximo que a lei permite.

Intervén a voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, trasladando o seu desacordo coa distribución feita sobre os tramos fixados para calcular as cotas do prezo público a satisfacer polas familias, porque o cálculo faise segundo o sinalado pola Xunta de Galicia para a Escola Infantil, e neste caso trátase dun servizo que se vai a prestar con carácter municipal e, polo tanto, pódese establecer os cortes que creamos necesarios; segundo; ademais o servizo que se presta non é mesmo que o da Escola Infantil e, conseguintemente, deberíase calcular as cotas con estimacións distintas. No que respecta á exención no prezo público para aquelas familias que teñen unha renda inferior ao 30% do IPREM, e aclara que o IPREM neste momento está establecido en 7.500,00 € ao ano, polo que aplicando ese 30% estaríamos a falar de 1.936,00 euros ao ano e, neste punto, lembra que na Comisión Informativa o seu grupo político propoñía unha execución de ata o 80% , o que suporía que a custo a asumir polo Concello sería 4.000 euros máis sobre os 67.000,00 € que se prevén neste momento, cantidade que considera perfectamente asumible. Segundo o proposto anteriormente, poderíase aplicar a bonificación ou exención a aquelas familias con ingresos non superior a 6.000,00 € ao ano; ademais, di que hai que ter en conta que o SMI é de 10.000,00 € ao ano e o IPREM en 7.000,00 €, polo que considera que ter en conta este último para facer este tipo exencións fai que as familias estean máis afogadas, ademais de que deixarían a case o 100% das familias fóra de posibilidade de acollerse á execución fixada.



Finalmente, transmite o seu apoio á posta en marcha deste servizo así como á integración social, de xeito que non se deixe fóra á aquelas persoas que, aínda que non teñan traballo, poidan desfrutar dos beneficios que ofrece; pero pide que se revise o prezo público e non se estableza segundo os baremos seguidos para fixar o da Escola Infantil, segundo as razóns ditas anteriormente, e, se o grupo de goberno non acepta esta proposta, se absterán na votación.

Tamén pide que se corrixa o colgado na páxina web municipal, porque se se consulta a Ordenanza da Escola Infantil colgada nesta, obsérvase que é a correspondente ao ao 2002 e non a modificada por acordo plenario no ano 2013.

A voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, manifesta que non está a favor da modificación da Ordenanza a tratar, ao entender que todas aquelas familias que non chegan ao salario mínimo (735,000 €/mes) deberían de ter o servizo gratuíto (ao non chegar ao 135% do IPREM) e, a partir de aí, se cobraría o prezo público de forma proporcional aos seus ingresos, x que estamos a falar dun servizo municipal que debe de facilitar o acceso a aquelas familias con baixos ingresos económicos, sobre todo tendo en conta que este servizo contará con 45 prazas, sen embargo no noso municipio hai 1.422 nenos/as entre 3 e 12 anos, polo que é necesario garantir que este servizo vaia dirixido a aquelas familias con menos recursos, xa que aquelas con máis recursos económicos poden acceder a outros centros privados.

O **Sr. Xosé Magariños**, voceiro do BNG, entende que o grupo de goberno formularía esta proposta coa finalidade de solucionar os problemas dos veciños, tal e como dixo o Sr. Alcalde na súa anterior intervención, sen embargo cre que erra nesa afirmación, xa que, á hora de fixar as cotas, non se debe de utilizar como base o IPREM senón os salarios mínimos, por mor de que estamos a falar dun servizo de conciliación social complementario ao laboral; polo tanto considera que debería calcular os importes das cotas tendo en conta o salario mínimo profesional, xa que, noutro caso, todas as familias van a pagar o cen por cen do prezo público. Polo anterior, pide ao grupo de goberno que reconsidere a modificación desta Ordenanza co cambio proposto, tendo en conta que non suporá un custo excesivo para o Concello e será máis beneficioso para as familias que demanden este servizo.

O **Sr. Alberto Blanco** responde ás anteriores intervencións dos grupos da oposición, dicindo que xa sabía que calquera corte que se aplicara ía ser criticado pola oposición, de feito non esperaba outra cousa, así como que tamén omitiran os gastos que se están a eliminar do prezo público (gastos de instalación, auga e electricidade) e as exixencias legais que establecen os prezos públicos; di que tamén esperaba que omitiran nas súas intervencións que ten que haber un paralelismo dos servizos prestados na Escola Infantil cos da Ludoteca.

Continúa dicindo que é verdade que ter un emprego non é saír da pobreza, pero dende o grupo de goberno se está a axudar ás familias para que poidan traballar e, ao mesmo tempo, cumprir coas súas obrigas familiares. Aclara que na prestación deste servizo o Concello faise cargo dun 70% do gasto do servizo, máis os mencionados no parágrafo anterior, polo que vamos a case o 90%, levando ata o límite as exixencias legais deste prezo público, xa que non pode ser gratuíto.

Por último, laméntase de que a oposición omita todos estes aspectos legais e que rexen os



prezos públicos.

Dna. Belén Louzao aclara que non se omite nada, xa que a súa intervención basease nos datos aportados, de feito no informe se sinala que o servizo custa 67.000,00 € ao ano dos que 21.000 € son os que asume o Concello, e se agora o grupo de goberno di que hai gastos que non meteron entón entende que están a mentir; e o único que están a pedir e que a eses 21.000 € se engadan outros 4.000 €.

Por outra banda, sabe que a lei obriga ao establecemento de prezos públicos que cubran o 100% do servizo e o grupo de goberno reconece que non o fai; entón di que é cuestión de vontade política asumir catro mil euros máis, o que non supón moito nun Orzamento de doce millóns de euros, mentres que ás familias cuns ingresos inferiores a dez mil euros ao ano suporá un beneficio importante. Por último, aclara que só ofrecerá o apoio do seu grupo político cando se acepte a proposta formulada nas súas intervencións.

Intervén o **Sr. Alcalde** para aclarar que do custo de 67.000 € que ten o servizo “Espazo Concilia A Estrada” o Concello vai a poñer 46.000 €, sendo consciente que aínda que se o Concello asumira 50.000 € á oposición non lle valería, e a esa cantidade hai que sumar os gastos de instalación, electricidade e auga, o que supón que ao final o Concello asume o 90% do gasto real do servizo e o outro 10% será asumir polas familias usuarias. Sen embargo non lle vale a oposición, así que cre que o que ten que facer o seu grupo de goberno e dedicarse a gobernar e a velar polos cidadáns mediante a posta en marcha deste tipo de servizos. Continúa dicindo que o maior custo económico que vai a ter este servizo é, para un horario de atención de 15:30 a 20:30 horas (de luns a venres) de 08:30 a 14:00 horas (os sábados), o ofrecer actividades de conciliación, traballos de reforzo escolar, axudas na realización das tarefas escolares, actividades lúdicas e de ocio, etc., e suporá un custo máximo de 100 euros ao mes para os usuarios e menos importe para aquelas familias que sexan beneficiarias de exencións ou reducións segundo o IPREM ou nivel de ingresos, por exemplo, haberá familias que pagarán tan só 36 €, ou 24 €, ou 14 €, ao abeiro dos cálculos correspondentes; entón non entende como lles pode parecer caro un servizo tan completo e non vai permitir que se enrede este tema e se poña obstáculos á posta en marcha dun servizo tan necesario e demandado. Por outra banda, é certo que son 45 prazas nada máis, pero se estableceron segundo estudos feitos, esperando que haxa máis demanda e se poida ampliar.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, polos votos a favor do PP, as abstencións do PSdeG-PSOE e BNG, e en conta de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente de modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, ao respecto das cotas correspondentes ao servizo de ludoteca "ESPAZO CONCILIA ESTRADA",

Visto o informe de Intervención asinado o 22/12/2017,

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social en sesión do 28/12/2017.

E de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril,



Reguladora das Bases do Réxime Local,

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo do acordo regulador do prezo público pola asistencia e estancia en residencias, albergues, garderías infantís e outros establecementos de natureza análoga, ao que se engade un apartado II redactado como segue:

"II. Ludoteca

1. As cotas pola utilización da ludoteca *ESPAZO CONCILIA ESTRADA* figuran no seguinte cadro de prezos:

<i>Tramos de renda per cápita (*)</i>	<i>Bonos (**)</i>
<i>inferior ao 30% do IPREM</i>	<i>Exento</i>
<i>entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM</i>	<i>14,42 €/mes</i>
<i>entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM</i>	<i>24,37 €/mes</i>
<i>entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM</i>	<i>36,81 €/mes De 1 tarde: 6,00 €.</i>
<i>entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM</i>	<i>49,25 €/mes</i>
<i>entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM</i>	<i>61,69 €/mes De 5 tardes: 25,00 €</i>
<i>entre o 150% e inferior ao 200% do IPREM</i>	<i>74,12 €/mes</i>
<i>superiores ao 200% do IPREM</i>	<i>100,00 €/mes</i>

(*) *Contías en función do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).*

(*) *Establécense dúas modalidades de bonos, para utilizar dentro do ano natural da súa adquisición, co límite do 31 de decembro.*

2. Descontos:

A) *Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre as cotas resultantes de aplicar as tarifas establecidas realizaranse os seguintes descontos, que non son acumulables entre si:*

- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha familia numerosa.*
- 20 por cento, no caso de nenos/as que pertencen a unha unidade familiar monoparental.*
- Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto do 20 por cento.*

Segundo.- O expediente someterase a información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días para efectos de reclamacións e suxestións. De non ser presentadas, o acordo de aprobación inicial elevarase automaticamente a definitivo e entrará en vigor trala publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto íntegro do anexo modificado, e unha vez transcorrido o prazo de 15 días a que fai referencia o artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

B) ROGOS E PREGUNTAS

Comenza esta quenda **Dna. Belén Louzao** para lembrar a necesidade de actualizar a páxina web municipal, xa que a información que se ofrece na mesma está desfasada.

Pregunta cando se vai a mellorar o mobiliario urbano, porque este atópase en moi mal estado e co conseguinte risco de causar danos aos cidadáns, esperando que se lle dea unha resposta rápida e concreta.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que na actualidade hai un proxecto de 96.000,00 € para mobiliaria urbano e parques infantís, esperando poñer pronto en marcha a súa contratación con cargo ao Plan Deputación 2017; pero primeiro hai que finalizar e pechar todos aqueles procedementos de contratación que se están a tramitar neste momento e que son moitos, esperando que estes finalicen durante este mes de xaneiro e así, no próximo mes de febreiro, comezar a tramitación un segundo lote de contratacións.

A **Sra. Louzao** lembra que aínda están sen executar proxectos do ano 2016, e agora o Sr. Alcalde lle pide que espere a executar para dar resposta aos do ano 2017, e así vai a pasar que transcorrerán anos, polo que lle insta que executen o do mobiliaria urbano inmediatamente ou, polo menos, que retiren os elementos deteriorados ou poñan proteccións para evitar posibles danos aos cidadáns.

Continúa trasladando unha petición dos veciños da parroquia de Moreira para que sexa substituído o contedor de lixo sito xunto á igrexa, xa que o actual está roto.

Pide, así mesmo, que se proceda ao arranxo do cruceiro sito en Vilagude - Moreira, o cal está inclinado co correspondente perigo que supón.

Finalmente, transmite que non vai a utilizar durante máis tempo a súa quenda para formular rogos e preguntas, por ser consciente de que o público asistente a esta sesión quere intervir para trasladar as súas peticións e queixas.

Intervén a **Sra. Mar Blanco** dicindo que se fixeron inversións ambiciosas no pavillón do Pérez Viondi (130.000 €) con destino ao arranxo e melloras no mesmo, sen embargo, pregunta como é posible que despois desa recente reforma que afectou, principalmente á súa cuberta, aínda se segue acumulando auga dentro das instalacións, preguntando tamén que alternativa se lle está a dar ao club de fútbol sala Unión Deportiva Estradense para efectuar os seus adestramentos, xa que ao non poder utilizar este pavillón ten que optar a outros xa ocupados por outros equipos.

O **Sr. Alcalde** lle pregunta á Sra. Blanco se foi a visitar o pavillón Pérez Viondi.

A **Sra. Mar Blanco** lle contesta que non, que tan só veu fotos.

O **Sr. Alcalde** lle pide que faga a súa labor de oposición e vaia a visitalo antes de facerse eco de reclamacións ou noticias das redes sociais. Infórmalle que tanto el como os técnicos municipais foron a ese pavillón e esas entradas de auga débendose a problemas estruturais da edificación e de difícil arranxo, en concreto porque está soterrado con respecto á rasante do colexio, orixinando problemas de filtración, e, polo tanto, trátase dun problema alleo as obras que se fixeron, consistentes no arranxo da cuberta, construción de novos vestiarios e almacén, así como a impermeabilización da zona soterrada correspondente á parte principal e así evitar a entrada de auga; se embargo, a impermeabilización da parte inferior do pavillón é imposible de levar a cabo, tan só se solucionaría construindo unha nova edificación, situación da que é sabedora a dirección do colexio.



A **Sra. Mar Blanco** pregunta o que se vai a facer para solucionar este problema.

O **Alcalde** lle responde que o pavillón dará o servizo que poida dar, ademais hai outras instalacións deportivas e, aínda que son utilizadas por outros clubs deportivos, haberá que reorganizar as súas utilizacións cando haxa temporal. Pero aclara que, en principio, a reconstrución do pavillón do Pérez Viondi non compensa, por tratarse dun problema con moi difícil solución.

Continúa coa súa quenda a **Sra. Mar Blanco** pregunta cando se pensa levantar as arquetas que quedaron soterradas polas obras executadas na Avda de Vigo, así como tamén cando se pensa sinalizar os vadéns existentes nesta avenida.

Resposta o **Sr Alcalde** que se fará cando se faga o pintado deste vial, do que vai a Penerada e das rúas Venezuela e Marín (obxecto de recentes asfaltados), o que incluírá o establecemento da rede de sumidoiros e construción das respectivas arquetas, o cal non estaba recollido no proxecto orixinal; ademais hai que resolver problemas que plantexan os veciños sobre zonas de aparcamento, entre outros, así como a instalación dos contedores de lixo de carga lateral.

Toma a palabra o **Sr. Xosé Magariños** para facer unha suxestión que lle achegou polas redes sociais dende o CEIP Villar Paramá para solucionar o mal estado no que se atopa a zona de subida da parada de autobuses, producindo escorregadas dos/as rapaces/zas polo verdín existente na mesma.

Traslada o problema de traída de augas existente no lugar do O Moucho, parroquia de Vinseiro, habendo cinco casas que se nutren só deste servizo, mentres que as outras o complementan con traídas particulares, non sabendo se o problema deriva dun atranque na rede ou existe outra causa. Aclara que se trata dunha traída ao que o Concello axudou a facela.

O **Sr. Alcalde** aclara que non é responsabilidade do Concello ao non tratarse dunha traída municipal, sen embargo intentarase axudar a este grupo de veciños.

O **Sr. Xosé Magariños** traslada, así mesmo, un problema dos veciños de Tabeirós, en relación ao vial que une o lugar da A Consolación (Tabeirós) con Cereixo, o cal, por motivo de moito tráfico de maquinaria forestal, atópase nun estado lamentable, pedindo que se arranxe.

Con respecto á Escola Infantil, pregunta por que as obras están paradas.

O **Sr. Alcalde** lle responde, con respecto ao vial que une Tabeirós con Cereixo, que é consciente do seu mal estado e por iso está incluído nun proxecto para o seu asfaltado.

No referente á parada de bus do CEIP Villar Paramá, aclara que a limpeza e mantemento do centro non lle corresponde ao Concello, se embargo se intentará solucionar ese problema enviando a un operario para que limpe esa zona.

Por último, no referente a Escola Infantil, comunica que as obras estiveron parada porque a empresa deu vacacións aos seus empregados no período do Nadal, crendo que a finais da semana que ven retomaran as obras. Avanza que a estrutura da obra e divisións están feitas, agora comezarán coas obras interiores, estando á espera das ventás, comunicando que o compromiso de remate da construción é para finais do próximo mes de marzo.

ANTES DE FINALIZAR A SESIÓN O **SR. ALCALDE**, DENTRO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁN, PREGUNTA SE HAI ALGUNHA PERSOA ENTRE O



PÚBLICO ASISTENTE QUE QUEIRA INTERVIR, PREVIA IDENTIFICACIÓN CO DNI.

Intervén o **Sr. José Antonio Blanco Casais (NIF 76858710R)**, aclarando que ven en representación dun grupo de veciños preocupados pola instalación dunha antena de telefonía móbil na Avda Benito Vigo, aclarando que para este asunto xa intentaron poñerse en comunicación cos grupos políticos con representación municipal tendo resposta soamente do BNG e Móvete, os cales conseguiron poñernos en contacto cun técnico de telecomunicación e cun físico da Universidade de Santiago de Compostela, dicindo, este último, que, en cantos aos prexuízos das ondas producidas pola antena, non se comprobarían ata pasar de 20 a 25 anos, sendo os máis prexudicados os nenos pequenos, xa que a menor superficie maior presión.

Continúa dicindo que ven aquí para falarlles aos membros do Pleno non como políticos, senón como veciños, poñendo como exemplo ao Concello de Oleiros, no que os representantes políticos do PP e PSOE, xunto cunha gardería, os que poñer unha denuncia para a retirada dunha antena sita preto da dita escola infantil, polo que se deduce que non é unha cuestión de partidos políticos, senón de veciñanza, polo que apela a esta corporación para que se poña de acordo e intente resolver o problema a favor dos veciños prexudicados.

Di que estivo falando co Tenente de Alcalde dun concello veciño, o cal lle informou que o problema resolveríase facenda unha Ordenanza para quitar as antenas do caso urbano e levalas a zonas altas e así afastalas dos centros de poboación, cun plan onde se recollan as zonas máis apropiadas para as súas colocacións. Recoñece o Sr. Blanco a dificultade que isto pode supoñer para o Concello, porque no ano 2006 o TSX de Galicia admitiu unha denuncia de Telefónica para anular unha Ordenanza municipal reguladora da instalacións de antenas de telefonía móbil, aínda así pide que se intente e que por parte da corporación se mostre vontade de facela. Informa, así mesmo, que existe un Concello que está loitando para a retirada dunha antena de telefonía móbil alegando alegando que está no camiño de Santiago e, sabendo que a colocada na Avda Benito Vigo aínda está sen funcionar, está ao carón dunha gardería, debería ser máis fácil de loitar pola súa eliminación.

Seguindo na súa intervención, fai mención á resolución 1815/2011 da asemblea parlamentaria do Consello de Europa, na que se avoga por aplicar o principio de precaución, sinalando que ningunha antena deste tipo debería estar a menos de 300 metros de zonas sensibles, como colexios, garderías, parques infantís ou residencias. Por outra banda, di que a Comisión Internacional para a Seguridade Electromagnética recomenda planificar a instalación de antenas para reducir ao mínimo a exposición humana co fin de minimizar os impactos ambientais e posibles riscos para saúde derivados da exposición continua ás radiacións electromagnéticas derivadas das estruturas de telecomunicacións. Nomeando unha terceira, di que o Real Decreto 1066/2001 (BOE do 29/09/2001) recolle, ademais das condicións necesarias para a colocacións das antenas, o complicado que é medir os efectos dalgunhas das magnitudes a ter en conta en tecidos tan complexos como o sistema nervioso central e o cerebro dos nenos.

Todo o dito anteriormente é a razón pola que se ten tanta alerta social, pedindo aos membros do Pleno, en calidade persoas con nenos, con enfermidades e como veciños, para que reflexionen sobre este tema fóra dos seus cargos políticos, pasando a falar da súa propia situación persoal e familiar.

Pide, que se teña en conta que atender a esta petición veciñal só prexudica á empresa de telefonía e a ninguén máis, polo que considera que non hai ningún problema en que o goberno non permita a colocación e funcionamento desta antena.

O Sr. Blanco informa que proximamente se fará unha plataforma veciñal que terá como obxecto iniciar os trámites xurídicos para parar a concesión de licenza

para a instalación da antena de telefonía móbil.

Finaliza expoñendo dous titulares de prensa: O primeiro: “A Estrada, que aspira a Concello saudable, permite que onde hai unha gardería se instale unha antena considerada pola ONS como probablemente canceríxena”; o segundo: “A Estrada, que aspira a concello saudable, non permite que no casco urbano antenas que se consideran probablemente canceríxenas”. Agora pide que o goberno municipal escola entre os dous titulares.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para manifestar que está de acordo en algún dos tema plantexados polo Sr. Blanco Casais, pero noutros non. En primeiro lugar, con respecto ao desexo manifestado sobre o abordar este tema sen entrar en política, considera que se equivocou, sobrando a alusión aos partidos políticos que acudiron a súa chamada, porque nunca deixou de recibir a ninguén cando acudían pedindo cita na Alcaldía, nin tampouco deixo de escoitar á xente que lle aborda da rúa ou nos bares, de feito en todo momento foi trasladando a aqueles que lle preguntaran a situación existente con respecto á licenza da antena, incluso lembra chamar persoalmente a algunha persoa; o que deixa constancia da preocupación do grupo de goberno por este tema e da importancia que lle dá á inxenuidade dos veciños. Aclara, así mesmo, que sempre tratou a toda a xente por igual, independentes da súa ideoloxía política, implicándose ao máximo en resolver as peticións realizadas, pero dentro dos límites que marca a legalidade.

Abordando o tema sobre a antena de telefonía móbil na Avda Benito Vigo, traslada que non está en funcionamento por varios motivos. En primeiro lugar, este Concello xa ten unha Ordenanza reguladora (ao contrario do que afirmaba el Sr. Blanco), derivada dun compromiso adquirido cos veciños no ano 2013 e previo asesoramento da FEMP, a cal regula de xeito minucioso e do xeito máis restritivo posible a instalación deste tipo de antenas, Ordenanza que foi publicada en decembro do 2013. En segundo lugar, di que a prohibición da instalación de antenas é ilegal, porque hai leis de rango estatal e europeo que as autorizan, polo tanto o Concello non ten competencia para denegar unha solicitude de licenza para a instalación destas sempre e cando cumpra con determinados requisitos legais establecidos nas leis reguladoras e na nosa Ordenanza. En terceiro lugar, lembra que no PXOM tamén se restrinxen a colocación de antenas en base á limitación das alturas, de feito unha das causas polas que aínda non se lle deu licenza á operadora para a colocar a antena obxecto deste debate é precisamente polo establecido no PXOM. Polo dito, quere deixar claro que se intenta poñer restricións aos permisos de instalación de antenas de telefonía, pero non se pode prohibir a súa colocación directamente, iso é ilegal e se caería a prevaricación.

Continuando na explicación da licenza solicitada, o Sr. Alcalde di que o 12 de decembro a empresa interesada instala unha nova antena, o 13 dese mesmo mes se lle ordena á Policía Local para que se achegue xunta á compañía responsable, a cal aporta un documento legal consistente na comunicación previa da instalación da antena, que, segundo parece, é suficiente para proceder a realizar as obras e a actividade, e que foi presentado por rexistro de entrada no mes de setembro; a continuación o técnico municipal emite un informe con data 15/12/2017 no que se recolle que a antena incumpe a Ordenanza municipal e o establecido no PXOM (alturas máximas permitidas), ademais doutras cuestións técnicas que afectan á posta en funcionamento e actividade da antena, tales como o non haber presentado o proxecto radioeléctrico, documento que xustifique a súa presentación ante o Ministerio de Industria, a presentación ante este Concello (unha vez solucionados os problemas de altura da antena) o documento de inspección favorable realizado polos servizos técnicos do Ministerio de Industria (no que se analizan o aspecto radioeléctrico e se a antena é ionizante ou non, ademais de clasificación o grado de afección á saúde das persoas)..... Como consecuencia destas deficiencias, o Concello emite un requirimento á empresa solicitante o día 20



de decembro para que as subsane, mentres tanto non poderá poñer en funcionamento a antena instalada. Polo anterior, di que a obra e actividade está parada, e permite que este Concello, en caso de que a compañía responsable non cumpra co requirimento, poderá iniciar un procedemento sancionador.

O Sr. Alcalde di que estas son as medidas que se están a levar a cabo, e considera que dunha forma dilixente e rápida, aínda que sabe que sempre haberá críticas.

Agora ben, unha vez subsanada pola empresa toda a documentación requirida e contando con informe favorable do Ministerio de Industria (algo que considera improbable, polo alto nivel de exixencia), entón o Concello non ten potestade para denegar a licenza solicitada, por moito que se diga na rúa que o Alcalde ten facultade para prohibir instalacións de antenas, iso non é certo, e hai que ser consciente de que non todo ten solución, sen embargo quere trasladar que dende o Concello se está a facer todo o posible, incluso apoiándose na FEMP, a través dun departamento específico nestes temas.

Continuando na súa intervención o Sr. Alcalde, considera que é moi importante que existe esta asociación veciñal que actúa a través dun representante, xa que deste xeito é máis fácil a comunicación co Concello, ademais de facilitar a busca de solucións a este tema tan preocupante; pero o que non lle gusta que se utilicen estes problemas para introducir outros asuntos alleos ao tempa a tratar, nin se dubide da implicación de todos os concelleiros da corporación nas problemáticas de nosos os veciños, independentemente da ideoloxía política.

Por último, aclara o Sr. Alcalde que se fixo e se está a facer, dende o punto administrativo e de xestión, todo o posible para parar a instalación da antena que nos preocupa, esperando que, en colaboración coa plataforma veciñal creada, se poidan buscar outras formas de freo distintas ás administrativas, sempre traballando conxuntamente, xa que, persoalmente, é algo que lle preocupa a nivel saúde.

Intervén novamente o **Sr. José Antonio Blanco Casais**, para aclarar que a súas manifestacións aludindo a algúns políticos da corporación, é porque cando se falou de facer unha reunión con todos os partidos con representación municipal, algún dos membros do Partido Popular ríronse da iniciativa e dalgúns outros políticos que foron á nomeada reunión.

O **Sr. Alcalde** dubida de tal información, tachándoa de comentario de taberna.

O **Sr. Blanco Casais** di que el foi o primeiro en dicir que é un tema moi difícil, sen embargo que había recursos para parar a instalación da antena, aludido a outro Concello que o conseguiu, dando unha serie de datos para que o Concello os teña en conta; pero se non se pode facer nada tal como se di, vale, pero polo menos que se intente. Aclara que non veñen a criticar nada, tan só chamar á conciencia da xente, pero non veu a falar de política.

Por outra banda, di que el non quere ser o representante de esta plataforma o asociación, e que xa falará para que se nomee a outro máis neutral.

O **Sr. Alcalde** ofrece deixar a disposición de toda a xente que queira, ata que se constitúa a plataforma, a documentación contida no expediente aberto pola colocación da antena de telefonía na Avda Benito Vigo, non estando de máis a existencia duns representantes para constituír unha comisión de seguimento, polo que pide que tan pronto estea constituída a plataforma ou asociación se comunique cales son os seus representantes e así poder ter unha comunicación fluída.

Finalmente, co previo agradecemento os demais membros do Pleno por ceder



as súas quendas de intervención para tratar este tema, así como a todos os presentes na sesión, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas quince minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE